

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 28 DE XUÑO DE 2018.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil dezaoito, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑAS VARELA
D^a MARIA OFELIA RAMOS LUNA
D. JAIME MOSCOSO MUIÑOS

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

D^a MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTES SANCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESUS MANUEL VAZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Non asiste á sesión a señora concelleira dona Lucía Isabel Fariñas Seoane.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 31 DE MAIO DE 2018.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nº 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión ordinaria celebrada en data 31 de maio de 2018, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data 31 de maio de 2018, sendo aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 31 de maio de 2018.

2.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG RELATIVA Á SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA ELABORACIÓN DUN PLAN EDUCATIVO, PLAN DE MEDIDAS E MEDIOS PARA SOLUCIÓN DE PROBLEMAS EXPOSTOS NA MOCIÓN.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do concelleiro do BNG, de data 22 de xuño de 2018, relativa á solicitude á Xunta de Galicia da elaboración dun plan educativo, plan de medidas e medios para solución de problemas expostos na moción, que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Deseguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCION, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal,

Exposición de motivos

Todos os colectivos implicados na educación teñen expresado xa desde hai tempo a súa preocupación pola crecente irregularidade da escolarización en Culleredo.

Tense falado moito de que precisamos un mapa educativo pero desde o bng pensamos que é preciso facer achegas para un diagnóstico que nos permita avanzar un chanzo máis. Ao noso entender, algunhas desas premisas para un diagnóstico serían:

- PRIMARIA
 - Culleredo conta hoxendía con cinco CEIP públicos. Un na zona rural, Tarrío, e catro na zona urbana. Un deles abrirá as portas para o curso que ven.
 - Desde a zona urbana saen diariamente sete liñas de autobus para o colexio de Tarrío. (o máis alonxado da zona urbana)
 - Os catro CEIP tiñan este curso 2017/18 aulas por enriba das liñas que lles corresponden. Tamén tiñan aulas con máis alumnos do máximo rático recomendado.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

- As peticións para o novo CEIP son 42 entre todos os niveles, nun colexio para 450 prazas.
 - Mentras o único CEIP da zona rural, Tarrío, está saturado, o novo CEIP da zona urbana vai abrir con moitas menos aulas das que dispón. As familias non confiaron na apertura do novo centro para trasladar aos rapaces que xa estaban cursando os estudos noutros centros malia estar saturados.
 - Durante o prazo de preinscrición, houbo moita polémica sobre se o novo CEIP ía ter comedor. A xunta negouse en redondo a organizalo o primeiro ano e trasladou a responsabilidade ás familias que no futuro deberían xestionalo. Isto levou a que as familias escolleran centro en situación de incertidume.
- SECUNDARIA:
 - Desde a zona rural saen diariamente autobuses que traen á rapazada ao IES Eduardo Blanco Amor, na zona urbana.
 - Na zona rural non hai posibilidade de estudar a ESO sen desplazarse á zona urbana.
 - A día de hoxe non se coñece o IES a onde se adscribirá o alumnado que saia do novo CEIP.
 - Cando se anunciaba a apertura do novo IES que logo se chamou Rego de Trabe, falábase de 4 liñas de ESO, non de bacharelato nese centro. Tamén de que resolvería a masificación da ESO no IES Eduardo Blanco Amor.
 - Posteriormente incluíuse o bacharelato nos dous centros, rebaixando as liñas de ESO.
 - Na preinscrición para o curso que ven, houbo máis demanda que oferta para o IES Rego da Trabe (a asignación é por centros de primaria adscritos) e o resultado foi que a comisión de escolarización municipal mandou a eses 20 alumnos ao IES Blanco Amor, que non era o que lles pertencía.
 - A previsión para os próximos anos é que esta situación empeorará, porque en 5º de primaria hai liñas de máis en varios centros.
 - A última ocorrencia da Consellería é habilitar unha ala da Universidade Laboral para facer aulas da ESO, xuntando rapaces de 12 anos con mozotes e adultos dos modulos formativos.
 - As matriculas para bacharelato na Laboral foron 98 en 2º, 53 en primeiro e son 33 as preinscricións para o vindeiro curso. Mentras que medran nos IES.
 - Nos bacharelatos, o persoal é interino por non existir mapa educativo. Isto provoca mengua na potencialidade da calidade do ensino porque non se fan proxectos a longo prazo. Por exemplo, non se fan intercambios co extranxeiro, algo que se fai en moitísimos centros da comarca.

Tense apelado a que foi unha demanda das ANPAS dun determinado curso, a implantación do bacharelato nos IES. Pero a Consellería non pode escudarse nas decisións individuais das familias, que poden ser todo o coherentes que se queira a nivel individual, para declinar a súa responsabilidade de que a escolarización do colectivo quede en precario. Ten que tomar as decisións precisas para reordenar o plano educativo de forma que por fin teñamos unha xente nova escolarizada en condicións da calidade esixible a estas alturas. Agora xa non é cuestións de carencia de centros, é unha cuestión de exercer as responsabilidades que lles competen.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

En todo o comentado nos parágrafos anteriores, faltaría computar todas as familias que recorren ao ensino privado ou concertado, mesmo de fora do municipio, e tamén ao ensino público tamén de fora do municipio, para resolver as necesidades familiares de escolarización. De ter en conta a toda esa xente, poderíamos comprobar que as carencias educativas de Culleredo son maiores das que nos amosan os datos de escolarización municipal. Mais esa xente ten que ter o dereito a escoller en condicións de indiferencia, un ensino público de calidade no entorno no que viven.

Non vai haber unha man invisible que reordene, polo menos a curto prazo, o mapa educativo.

Non pode deixarse este tema ate que dentro duns anos colapse.

Polo exposto, rogamos que se admita a trámite e debate polo Pleno da Corporación e a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Demandar da Xunta de Galiza
 - 1.1. A elaboración dun plano educativo que aborde todas as cuestións propostas polos distintos colectivos implicados, Concello, centros, ANPAS, familias, sindicatos etc... Entre elas as recollidas neste documento.
 - 1.2. Que se elabore un plan de medidas e medios para a solución dos problemas expostos.
 - 1.3. Que se elabore un calendario de aplicación para a implantación desas medidas e a resolución das situacións reclamadas.

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada, aclarando que se trata de seguir un obxectivo para entre todos superar as restricións que se presenten.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que evidentemente están de acordo co exposto polo compañeiro do BNG e que comparte o compromiso que a Marea Veciñal ten coa educación e que xa presentou unha proposta de mellora educativa na Comisión de Cultura que se levou ao Parlamento Galego o 26 de xuño a proposta da Marea Veciñal de Culleredo a traveso do grupo parlamentario da Marea para intentar atallar os casos "raros" que se ven nestas datas en relación coa escolarización dos rapaces de Culleredo que non obtiveron praza no IES e que deberían de tela tido xa que a súa construción era para darlles solución aos rapaces que viñan dos centros adscritos; que por outra banda se intentaba tamén a elaboración dun proxecto de cultura e viabilidade xa que se trata dunha materia seria sobre a que non se deben dar bandazos, senón que debería haber un consenso e non quedar ao arbitrio das decisións que en cada momento se queiran adoptar intentando parchear as distintas situacións; que a proposta feita pola Marea Veciñal no Parlamento Galego foi rexeitada polo Partido Popular, polo que, dado que ten maioría, supón que non se tramitará pero que canta máis forza se poida facer e canto máis se poida planificar esta situación de cara ao futuro mellor vai ir e mellores resultados se poden acadar, anunciando o seu voto favorable á moción presentada polo BNG dado que trata dunha situación de interese xeral.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, disculpa a inasistencia da voceira do seu grupo, Sra. Fariñas Seoane, por motivos persoais, e di que o seu grupo está de acordo coa elaboración dun plan de melloras e medios que tenten solucionar os problemas que existen en todas partes e tamén en Culleredo; que preguntaron sobre este tema e a información que lles trasladaron foi que se está a traballar tanto desde a Xunta como desde o propio Concello; que non coinciden totalmente co análise feito sobre a situación aínda que hai cuestións como a habilitación do instituto co bacharelato a demanda dos pais que habería que estudar e que hai unha parte na planificación educativa na que é importante escoitar á

4 de 32

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

comunidade educativa e en especial aos máis afectados que son os alumnos e os pais e nais como as voces dos ditos alumnos pero que van votar a favor desta proposta porque entenden que as medidas que se solicitan poden resultar beneficiosas para o conxunto da poboación de Culleredo.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o grupo socialista coincide en boa medida co contido da moción, que se trata dunha cuestión sensible e que xa desde o Concello se está a traballar porque esa inquedaanza existe; que está solicitada desde Alcaldía unha cita co conselleiro, que se trataron estas cuestións na Mesa de Escolarización que tivo lugar o 14 de xuño de 2018 onde se expuxo a problemática existente, estando agora á espera de resposta por parte da Xunta, procedendo á lectura dunha parte da acta da dita Mesa de escolarización que di “queremos deixar constancia do noso desacordo coa escolarización do alumnado de secundaria obrigatoria no noso Concello para o próximo curso e seguintes. O IES Rego de Trabe non escolariza a todos os alumnos dos seus centros adscritos nin os da zona tamén, que foron desplazados ao CEIP de Tarrío. O IES Blanco Amor parece un caixón de sastre a onde se derivan todos os alumnos sobrantes sen ter en conta todas as limitacións das súas instalacións. Pretendemos un mapa planificado de escolarización en Culleredo para o próximo curso polo que reclamamos unha reunión urxente cos responsables da Consellería que nos poidan dar unha solución inmediata”; que esa petición está feita e que están á espera da resposta; que están de acordo co contido da moción, e que detectan ademáis unha problemática existente cos alumnos dos colexios de educación infantil e primaria que teñen asignados unha serie de IES e moitas veces non se lles está a garantir a praza para ese IES e se lles deriva a outro Centro, solicitando poder incluír unha addenda a esta moción, engadindo un punto 4 que diga “1.4. Que os alumnos dos CEIP adscritos aos IES teñan asegurada praza no seu centro correspondente”.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que por suposto si aceptan a addenda proposta polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e que esta é unha proposta cunha intención totalmente aberta, puntualizando que aínda que se dixo que se está a traballar e que o grupo da Marea xa presentou unha proposta considera que o apoio do Pleno municipal da Corporación é unha ferramenta política fundamental que permite ao goberno municipal traballar conxuntamente con outras administracións e pensan que o alcalde, á hora de tramitar calquera cuestión, irá moito máis avalado co respaldo do Pleno municipal; con respecto ao que se dixo sobre que se puxo o bacharelato a demanda dos pais hai que destacar que iso se puxo como premisa e que os pais dixeron que lles interesaría que os seus fillos cursaran o bacharelato no mesmo centro onde cursan a ESO, pero esa premisa ten que ser estudada por se puidera ter unha influencia negativa noutras cuestións da escolarización, agradecendo o voto anunciado.

Deseguido solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que todos os alumnos teñen garantida a súa praza nos IES e pregunta se a solución pasaría por quitar o bacharelato para que todos os alumnos poidan cursar a educación secundaria obrigatoria nos centros onde lles corresponda como primeira opción; que foron 22 rapaces e rapazas os que non puideron cursar o bacharelato no centro que quixeran pero se lles desprazou a un centro que está a menos dun quilómetro de distancia; que a implantación do bacharelato neses centros foi a petición dos pais e que loxicamente se se implanta o bacharelato se reducen as prazas de ESO polo que habería que valorar cal situación é mais conveniente, se quitar o bacharelato dos centros e garantir a todos os alumnos facer a ESO onde lles toca como primeira opción ou manter o bacharelato co risco de que algún deles teña que desprazarse a menos dun quilómetro para cursar a ESO.

Seguidamente solicita o uso da palabra novamente o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, dirixese ao Sr. Cañas Varela e lle di que non se trata de quitar o bacharelato dos centros e que os 22 alumnos que quedaron nesa situación non é un número grande pero que si ten consecuencias o feito de non garantir que os alumnos vaian aos seus centros de referencia; que o resultado desa política é que o IES Blanco Amor vai ter que pasar a ser liña 6 e terá que ter 6 aulas por cada un dos tramos mentres

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

que o Rego de Trabe queda en liña 3, parecendo máis conveniente equiparar os centros sen saturar ningún; que esta é unha consecuencia de facer mal as cousas.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que estivo escoitando con atención o debate que houbo no Parlamento na Comisión de Cultura citada sobre este tema, na que houbo intervencións de representantes do Partido Popular, do Partido Socialista, da Marea e tamén do BNG, facendo aportacións moi interesantes, algunha de carácter legal que el descoñecía, facendo fincapé en que a prioridade do ensino obrigatorio sobre o ensino non obrigatorio está determinada por lei; que o bacharelato é ensino non obrigatorio e a ESO é ensino obrigatorio polo que o feito de que a Consellaría decida aceptar unha petición da ANPA dun Centro, nun curso determinado, delimitado no espazo e delimitado no tempo, debería estudarse con prudencia xa que a Consellaría ten que responder da escolarización non nun determinado curso, non no 2015-2016 ou 2016-2017, senón que ten que responder da evolución da escolarización ao longo do tempo, sabendo as implicacións que van ter as súas decisións de aceptar premisas; que en enxeñería ou en economía defínense obxectivos precisos, restricións, e que aquí o que se fixo foi definir restricións e definir unha función obxectiva, sendo fundamental á escolarización en condicións de calidade; que non sabe cales eran os plans da Consellaría cando aceptaron a proposta da ANPA ou se a Consellaría cando aceptou esas premisas contaba con facer outro instituto máis ou o fixo dunha forma totalmente irresponsable, podendo ser que tiveran unha alternativa e non a contén, pero que o que hai é unha situación nada fai dous anos e que parece que vai a peor e que cre que xa en 5º de primaria había unha liña máis en cada un dos centros polo que lle parece oportuno que este problema se aborde xa pois para iso se está no goberno, para abordar ese tipo de cuestións.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada, coa emenda proposta polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo, quedando redactada a súa parte dispositiva nos seguintes termos:

ACORDOS

1. Demandar da Xunta de Galiza

- 1.1. A elaboración dun plano educativo que aborde todas as cuestións propostas polos distintos colectivos implicados, Concello, centros, ANPAS, familias, sindicatos etc... Entre elas as recollidas neste documento.
- 1.2. Que se elabore un plan de medidas e medios para a solución dos problemas expostos.
- 1.3. Que se elabore un calendario de aplicación para a implantación desas medidas e a resolución das situacións reclamadas.
- 1.4. Que os alumnos dos CEIP adscritos aos IES teñan asegurada praza no seu centro correspondente”.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG RELATIVA Á REALIZACIÓN DUN ESTUDO RIGOROSO DAS ALTERNATIVAS DA AUTOESTRADA A9 CO ENTORNO DO AEROPORTO DE ALBEDRO A AC 14.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do concelleiro do BNG, de data 22 de xuño de 2018, relativa á

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

realización dun estudo rigoroso das alternativas da autoestrada A9 co entorno do aeroporto de Albedro a AC 14, que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Deseguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCION, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal,

Exposición de motivos

Muito se leva falado nos últimos meses de infraestruturas comarcais. No caso de Culleredo temos escoitado que unha das opcións de comunicacións que defende o goberno municipal e que reitera cada vez que ten ocasión é a defensa da conexión da AC14 coa autoestrada A9 a través do proxecto VIAL18.

Ate onde sabemos, porque o consultamos varias veces ao anterior alcalde e tamén ao actual, ese proxecto foi devolto polo ministerio de Medio Ambiente ao Ministerio de Fomento por problemas de tramitación sobre impacto ambiental. A día de hoxe non se soubo máis.

En paralelo, temos consultado os documentos previos elaborados pola Xunta de Galiza ao respecto de comunicacións para a comarca e temos comprobado que incluían unha posible conexión da A9 con Albedro a través do espazo que ocupa hoxe a área de servizo de Almeiras. A estimación de custo para ese proxecto era de 2,5 millóns de euros.

O proxecto do VIAL18 era de 20 millóns de euros e segundo información proporcionada polo propio alcalde podería subir a 30.

Os orzamentos do estado para 2018, recolleron unha partida para o acceso á A9 de 2.5 millóns de euros.

En canto ás utilidades que proporcionaría unha ou outra opción, pensamos que deben ser estudadas e avaliadas con rigor. Así e todo, a opción do acceso a través da área de servizo de Almeiras, levaría a ter

1. un acceso directo desde a autoestrada ao centro do Burgo, e en consecuencia a toda a zona urbana de Culleredo e viceversa.
2. Un acceso directo ao aeroporto.
3. A posibilidade de usar ese acceso como circunvalación da xente que ven pola estrada de Almeiras (AC213) e ir directo para a cidade e os distintos destinos aos que leva a autoestrada, sen entrar no tráfico urbano de Culleredo.
4. A funcionalidade de conectar desde a AC14 coa autoestrada, simplemente con recorrer 3 quilómetros máis dos que serían tendo ese acceso polo hipotético VIAL18.
5. Menor impacto no territorio que o VIAL18.
6. Menor custo financeiro.

Polo exposto, rogamos que se admita a trámite e debate polo Pleno da Corporación e a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que se demande da Xunta de Galiza e do Ministerio de Fomento, a realización dun estudo rigoroso das alternativas da autoestrada A9 co entorno do aeroporto de Albedro e a AC14.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

2. Que se publiquen os proxectos e as fortalezas e debilidades de cada un dos proxectos así como das oportunidades e ameazas que supoñería cada opción.
3. Que unha vez publicado se proceda a realizar a escolla que proceda para dar o servizo que levamos tanto tempo demandando desde Culleredo.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que hai unha proposta para a creación dunha Comisión que pensa se podería vincular a esta e integrar todas as comunicacións; que de todas formas non sabe cal é a mellor conexión da A6 pero recorda que no Plan Xeral efectuarase unha reserva de solo para facer a conexión á altura da área de servizo, unha reserva que era obrigatoria porque estaba contemplada; que recorda tamén debatir neste pleno se sería mellor una conexión co enlace coa A6 entre O Burgo e Vilaboa en paralelo á vía de inserción con Vicente Risco; que pensa que ten que haber algún estudo serio sobre cales son todas as alternativas viables e cal é a mellor, polo que supón que o que se debería facer é preguntar se existen eses estudos e que se lles proporcione información sobre eles pois seguramente contemplan cuestións como a saturación que actualmente ten o vial de Almeiras, a densidade de tráfico que hai no Burgo, etc.

Intervén neste momento o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que en relación con esta moción, os alcaldes dos distintos concellos que conforman o entorno metropolitano xunto coa cidade da Coruña, solicitaron unha reunión co Presidente da Deputación, unha reunión co Sr. Feijoo e unha reunión co ministro de Fomento; que xa mantiveron unha reunión co presidente da Deputación co obxecto de mellorar a comunicación transversal entre os diferentes concellos e que se melloren as estradas para que cando se utilicen viais alternativos estes estén en perfecto estado, e unha segunda reunión o pasado venres coa conselleira de Infraestruturas que acudiu á mesma por delegación do presidente da Xunta, sendo todos conscientes nesta reunión que a traveso das estradas autonómicas debían mellorar esa transversalidade e esa comunicación interna entre os diferentes concellos da área, cuestión proposta por todos os alcaldes da área alí presentes, e que o que se acordou foi que o Plan Director existente neste momento está un pouco atrasado, polo que desde o Concello de Culleredo a proposta que se fixo foi de mellorar ese Plan Director para adaptalo ás necesidades que hai neste momento e que desde a propia Consellaría se mantivera unha reunión con todas as administracións que poidan ter relación cos viais da propia Xunta de Galicia; que nesa reunión falouse da conexión co Vial 18, da alternativa ao vial 18, da conexión da autoestrada e, sobre todo, dun dos viais que máis vai desconxestionar toda a comarca como é a vía Ártabra que como se sabe atópase paralizada en Iñás; que se acordou coa conselleira iniciar os trámites par continuar con esa Vía Ártabra sempre e cando todos os alcaldes, por unanimidade, estiveran de acordo, chegando á conclusión de que nunca ían permitir que se construíran viais que remataran sendo vías de pago, primando a calidade nos viais da comarca; que mantiveron unha reunión con representantes do colexio de Enxeñeiros de Camiños na que eles propuxeron unha alternativa ao Vial 18 pero que quedou en “auga de borrasas” cando se fixo o colexio de Rutis pois o que se propoñía era que na intersección da avenida de Vicente Risco con Ribados facer unha especie de ampliación e facer un vial que conectara directamente coa rotonda da N-550, propoñendo entón desde o Concello de Culleredo facer un acceso desde a parroquia de Almeiras, desde a AC213 á autoestrada, sobre todo tendo en conta que o tramo desde Bergondo ata a cidade da Coruña está libre de peaxe e ampliar esa liberación de peaxe ata o Concello de Bergondo e que puidera fluir o tráfico pola autoestrada; que os técnicos ven máis capacidade de entrada que de saída na AC213; que o que quere dicir con todo isto é que neste tema hai unha fronte común entre todos os concellos, entre todas as administracións; que falta a reunión co ministro de Fomento que acaba de ser nomeado por mor do cambio no Goberno e que espera que próximamente visite a cidade da Coruña e cumpra co compromiso de reunirse con todos os alcaldes que van á reunión para abordar cuestións atinxentes con estas comunicacións; que parece que os

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

orxamentos da Xunta de Galicia contemplan esa revisualización de estudos acerca do Plan Director que contemplan esos viais, anunciando que o grupo socialista vai apoiar esta moción.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que agradece o apoio anunciado e a información facilitada polo Sr. alcalde dirixíndose ao Sr. Cañás Varela para dicirlle que con respecto ao que comentou relativo sobre a creación dunha comisión de seguemento entende que son cuestións distintas.

Neste momento intervéñ o Sr. Cañás e di que se explicou mal e que o que quixo dicir era que aproveitando a creación dunha comisión de seguemento do Plan Director se podería crear outra comisión similar para este tema.

Intervén o Sr. alcalde e solicita ao Sr. Chouciño disculpe a intervención do Sr. Cañás e lle dá de novo a palabra, retomando a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido para dicir que o anterior alcalde, antes de marchar, nunha Xunta de Voceiros, comentou que o vial 18 estaba en vía morta coa remisión de Medio Ambiente ao Ministerio de Fomento e que pensa que o feito de que un proxecto se atope en "vía morta" non indica que haxa que pechar as portas para seguir falando de novos accesos; que con respecto ao exposto sobre a saturación do vial de Almeiras di que precisamente é porque non hai alternativas

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE, DE DATA 21 DE XUÑO DE 2018, RELATIVA Á SUPRESIÓN DE INFORMACIÓN LOCAL E CULTURAL NA RADIO GALEGA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal PSdeG-PSOE, de data 21 de xuño de 2018, relativa á supresión de información local e cultural na Radio Galega, que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Deseguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación á **SUPRESIÓN DE INFORMACIÓN LOCAL E CULTURAL NA RADIO GALEGA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 1978 o artigo 20 da Constitución Española xa recoñece como fundamental o dereito dos cidadáns "a recibiren libremente información veraz por calquera medio de difusión", así como "o acceso dos grupos sociais e políticos significativos" aos diferentes medios de comunicación dependentes das administracións públicas, "respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España".

Pola súa banda, partindo do disposto no artigo 34.3 do Estatuto de Autonomía para Galicia, que establece que "a Comunidade Autónoma pode regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa", a Lei 9/2011, do 9 de 9 de 32

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, indica no seu artigo 4 que son, entre outros, principios da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (CRTVG) “a promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia”, “o reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia” ou “a garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio”.

A maiores, o artigo 8 sinala que “a Corporación RTVG deberá contar coa estrutura suficiente e necesaria para asegurar o cumprimento da misión de servizo público encomendada e para facilitar a provisión de contidos territoriais na súa programación” e un bo número de apartados da mesma lei subliñan o papel estratéxico que a Radio e Televisión de Galicia teñen na defensa e promoción da cultura do país.

Desde que no ano 1985 a Radio Galega e máis a Televisión de Galicia comezasen as súas emisións, é obvio que cumpriron unha misión importantísima na cobertura informativa de Galicia, así como na promoción da lingua e da cultura propias, grazas fundamentalmente á profesionalidade dos seus traballadores/as, entre os que se atopan algúns dos profesionais máis recoñecidos, tanto no eido xornalístico como técnico. Agora ben, tamén foron obvios desde o inicio dos gobernos de Manuel Fraga, os intentos do Partido Popular por manipular, disfrazar de información a pura propaganda política e reducir o acceso aos medios públicos de Galicia de colectivos non afíns ideoloxicamente.

Trala modernización e apertura cara ao pluralismo, a profesionalización e a independencia informativa vividas durante os anos nos que o PSdeG, co Presidente Emilio Pérez Touriño, estivo á fronte da Xunta de Galicia, a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia do Goberno Galego supuxo o inicio do período máis escuro para a nosa radio e televisión públicas. Incrementou ata a máxima expresión, como teñen denunciado en múltiples ocasións os traballadores e as traballadoras, a manipulación e o sectarismo dos Gobernos de Fraga, barrendo xa das ondas dos medios públicos calquera nota ideolóxica discordante e, fronte ao feito polos anteriores gobernos dun e doutro signo, iniciando un paulatino, pero constante proceso de desmantelamento da Radio Galega e a Televisión de Galicia.

Ademais da renuncia case absoluta á produción propia, o que na práctica significa unha privatización encuberta dos medios públicos, e dos constantes e irracionais recortes orzamentarios, que teñen minorado notablemente a calidade da súa programación e, polo tanto, tamén a audiencia, o Goberno de Feijóo atacou desde un primeiro momento ao máis básico da RTVG, a información local e cultural, dúas das súas principais razóns de ser, recoñecidas incluso legalmente e, por riba, dúas das súas principais vantaxes comparativas cos medios privados, ofrecendo un servizo público que outros medios, por rendibilidade, non poden ofrecer.

O primeiro ataque de Feijóo foi dirixido en 2010 contra a Televisión de Galicia, cando decidiu pechar a metade das delegacións territoriais da canle (Pontevedra, Ferrol, Burela, Porto e Bruxelas) e deixar de emitir os informativos locais, que, xunto cos Telexornais de ámbito autonómico, daban sentido á razón de ser da televisión pública.

Nos últimos 8 anos tan só sobreviviu a información local propiamente dita na Radio Galega, obxecto precisamente do novo ataque do Partido Popular, pois, como teñen denunciado os propios traballadores/as e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, camuflado nun cambio de programación, a dirección da CRTVG decidiu suprimir as desconexións locais da Radio e, de paso, eliminar como espazo propio o programa que desde hai case 30 anos era referente da cultura do país, o Diario Cultural.

Unha decisión que só se pode entender desde unha dobre intención partidista do Partido Popular, desmantelar progresivamente os medios públicos de Galicia e, a un ano das próximas eleccións municipais, controlar ao máximo a información emitida e reducir os micrófonos e espazos aos que podan chegar voces contrarias ao Goberno de Núñez Feijóo. So así se pode entender unha decisión deste tipo, máis cando todos os estudos sobre o futuro do

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

xornalismo apuntan a un reforzamento da información local, incluso como estratexia de negocio rendible, pola que están a apostar xa os medios privados máis potentes, con proxectos enriba da mesa sobre a chamada información hiperlocal.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, en solidariedade cos traballadores e traballadoras da CRTVG e desde o compromiso inquebrantable do Partido Socialista cuns medios públicos galegos de calidade, independentes e entendidos como servizo público, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de CULLEREDO acorda:

1. Esixir da Xunta de Galicia e da Dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. o mantemento das desconexións locais nos informativos da Radio Galega, como fórmula imprescindible para proporcionar un axeitado servizo público e plural no que á cobertura informativa do país se refire.
2. Garantir o mantemento dos postos de traballo nas redaccións e delegacións da Radio e Televisión de Galicia actualmente existentes.
3. Censurar a redución da programación cultural específica na Radio Galega e, nomeadamente, a supresión como espazo propio do Diario Cultural, esixindo o seu mantemento en antena, como mínimo, co mesmo formato que tiña ata agora.

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, fai unha exposición da moción proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que están totalmente de acordo co fondo da moción pero non tanto coa exposición de motivos pois considera que a televisión pública debe estar ao servizo dos cidadáns e non do partido que governe en cada momento, polo que solicita se deixe de ser partidistas e de poñer defectos a todo o feito polos demais, que o pide para todos pois os servizos públicos, tanto a Televisión de Galicia como calquera outra televisión pública autonómica de calquera sitio non pode ser partidista en ningún caso.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que a Radiotelevisión de Galicia está a cumprir a súa misión, unha misión de servizo público, de comunicación audiovisual baixo os parámetros de calidade, pluralismo e independencia; que a Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia brinda este carácter de servizo público e tamén a independencia da corporación Radiotelevisión de Galicia e no seu artigo 26.2 di textualmente que lle corresponde ao director xeral da Radiotelevisión de Galicia "Establecer os criterios de programación e as directrices oportunas para que a programación cumpra a misión de servizo público encomendada.", é dicir, que o director xeral goza de autonomía na súa xestión e concretamente o artigo 25 di que "A directora ou director xeral exercerá as súas funcións con absoluta independencia, sen que poida recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación imperativa do Goberno, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos nin doutras institucións ou entidades."

Que é unha lectura textual e que non lle gusta falar pero xa que o Sr. Vázquez Lozano o menciona quere puntualizar que este marco normativo, así como a independencia funcional de que se dispón ata o día de hoxe na Radiotelevisión de Galicia, non se producía na época que se menciona na moción presentada porque durante a etapa do goberno bipartito onde parecía que o PSOE e o BNG miraban polos medios de comunicación o director

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

C.I.F. P-1503100-H

xeral de Radiotelevisión de Galicia denunciou por carta ante o vicepresidente Anxo Quintana a presión que estaba exercendo sobre a cadea pública o seu entón número 2 Antón Losada, carta que publicou o director de Radiotelevisión de Galicia, non o PP, decindo textualmente que “Considero que é o meu deber informar acerca dunha situación que entorpece ata límites dificilmente soportables o traballo que veñen realizando os profesionais dos servizos informativos da Televisión de Galicia que afecta aos criterios de profesionalidade, pluralismo, equidade e independencia que deben presidir a actuación dos medios de comunicación públicos; que esta carta foi dirixida ao vicepresidente Anxo Quintana no goberno de Touriño; que neste escrito se lle atribuíu esta situación á actitude de Losada que, volvendo ser textual “constantemente e con malas formas salpicadas de insultos, atribuíndose funcións que non lle competen pretende decidir determinados contidos informativos dos telexornais, establecer cales son os temas que deben ser tratados e incluso en que orde de prioridade, presionando a diferentes profesionais desta casa”; que tanto a televisión como a radio galega deben responder a criterios profesionais e, ademais, o contido da moción non responde á realidade pois o obxectivo da nova programación é contrario ao que se di na moción pois o que se busca é dar un maior protagonismo á información local as 24 horas do día e converter en transversal e estrutural a información cultural baixo a marca de diario cultural; que no relativo á información local esta vai estar presente de forma transversal todo o día na radio, perfectamente diferenciada dos informativos e grandes magazines e, así, de 2:30 a 2:45 dentro do programa de “Crónicas das dúas” adicaranse á información local, de 8:30 a 8:50 haberá información local dentro do programa “A Crónica”, no programa “Galicia por diante” haberá dous espazos diferenciados: de 10 a 12 haberá lugar para os contidos locais de interese xeral, principalmente temas de interese veciñal, de 1 a 2 un espazo máis adicado a crónica política; en definitiva porase en valor o papel das delegacións dentro da acción global da Radio Galega xa que proporcionarán contidos ao longo de todo o día, o que se cambia polo tanto tan só é o formato pero non ese compromiso coa Radio de proximidade; que se pode debatir se ese novo formato gusta máis ou menos, destacando ademais que a Radio Galega programará debates semanais de ámbito local que acollerán as delegacións nos que participan as forzas políticas con representación nas corporacións das sedes das grandes cidades e nas deputacións provinciais, así como debates especializados en eidos sociais e económicos; que en canto ao Diario cultural, di que tampouco é certo que a información cultural vaia ter unha presenza residual na grella da programación e que, de feito, o que se pretende é todo o contrario xa que o diario cultural configúrase como unha das principais apostas da nova tempada da Radio Galega e que o que varía é o formato e que mesmo se duplica o tempo adicado á información cultural de luns a venres e que se crean espazos coa mesma finalidade na fin de semana; que baixo a manta de “Diario cultural” vense emitir diariamente catro edicións, todos espazos integrados na programación de forma que a información cultural terá unha duración total de cen minutos fronte aos cincuenta minutos anteriores; que estos son datos obxectivos e que, en canto á fin de semana, o sábado e o domingo ofreceranse en directo tres edicións cunha duración total de 100 minutos, pasando de 0 minutos a 100 minutos, non parecendo unha perda moi significativa; que se vai reforzar o plano dixital coa creación dunha ventá específica do diario cultural; que tiña pensado rematar falando das novas informativas do goberno central en Madrid pero considera que o explicou moi ben o concelleiro de Cidadáns.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, dirixese ao Sr. Vázquez Lozano e dille que os que están en partidos que teñen unha ideoloxía determinada que é unha tradición e non se poden abstraer de momentos históricos pasados; que hai que recoñecer que desde o mandato de don José Luís Rodríguez Zapatero nunha houbo tanta independencia e pluralidade e non só nos contidos senón tamén no sistema de nomeamento do Consello de Televisión española; que este é un feito que non o di só o PSdeG, senón que son os propios traballadores e traballadoras da Televisión de Galicia así como o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia; que o que si é un feito é o uso partidista feito polo Partipo Popular de Galicia así como a súa falta de interese da programación cultural e o formato do eido cultural como acaba de recoñecer o concelleiro do PP.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada, obténdose o seguinte resultado:

Código do documento	Código do expediente
USG12100J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

Votos a favor: 17 (dezasete), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballada Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 3 (tres), dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna e Moscoso Muíños.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do PSdeG-PSOE, de data 21 de xuño de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG, RELATIVA A REVISIÓN DO PLAN DIRECTOR DO AEROPORTO DE ALBEDRO.

Antes de proceder á ratificación da urxencia desta moción o Sr. alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, diríxese ao concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, para preguntarlle se quere retirar esta moción á vista da moción urxente que se presenta en relación coa creación dunha Comisión Informativa Especial do Aeroporto.

Responde o Sr. Chouciño Garrido dicindo que considera que ambas as dúas mocións poden ser debatidas e votadas pois non as considera incompatibles.

C.I.F. P-1503100-H

Deseguido, a Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do concelleiro do BNG, de data 22 de xuño de 2018, relativa á solicitude á revisión do Plan Director do aeroporto de Albedro, que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Deseguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCION, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal,

Exposición de motivos

O pasado 15 de Xuño, publicouse no BOE o

“Anuncio de la Dirección General de Aviación Civil, por el que se somete a información pública el Informe de Sostenibilidad Ambiental, junto con la propuesta de revisión del Plan Director del Aeropuerto de A Coruña”

Que da un prazo de revisión e alegacións de 45 días.

Que se estude en detalle e se recollan as achegas de todo tipo de colectivos e persoas do noso municipio, é fundamental.

Non pode deixarse pasar a ocasión de que as alegacións sexan o máis plural posible. Se catro ollos ven máis que dous, é evidente que é necesaria toda a intelixencia colectiva da nosa veciñanza para que o impacto dunha nova reestructuración do aeroporto sexa a menor posible.

Non pode ser que as molestias ocasionadas por ampliacións de tráfico e pasaxeiros sexan soportadas en exclusiva e sen ningún tipo de compensacións pola veciñanza de Culleredo.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

O Regulamento Orgánico Municipal, recolle no seu artigo 117.3, establece a posibilidade de crear Comisións Informativas Especiais para un asunto concreto en consideración ás súas características especiais de calquera tipo.

Polo exposto, rogamos que se admita a trámite e debate polo Pleno da Corporación e a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que se cree unha comisión especial de seguemento da tramitación e posterior implantación da revisión do Plan Director do Aeroporto de Albedro, con representación de todos os grupos políticos.
2. Que con urxencia se proceda á súa convocatoria de fundación, e acto seguido á primeira convocatoria ordinaria, con asistencia dos técnicos municipais que están estudando o documento.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non retirou a moción xa que a presentou dentro do prazo establecido e que non sabe se por causa ou porque circularon en paralelo as dúas cuestións, chegoulles por correo electrónico a proposta do goberno municipal de crear formalmente unha comisión informativa recollendo todos os aspectos legais e seguindo o procedemento regulamentario pero consideran oportuno debater e votar esta moción, procedendo a facer unha exposición da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que está de acordo co exposto polo concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, en que non son incompatibles as dúas mocións xa que aínda que nun dos puntos se pide a creación da Comisión que se debatirá no punto de mocións urxentes, é aquí onde hai que facer fincapé en que evidentemente a veciñanza afectada por ese Plan Director e pola posible ampliación debería ser escoitada e tida en conta na próxima comisión que se realice sobre o Plan Director.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que eles tamén están de acordo e pensan que é útil e están de acordo co proposto na moción pero lles aflora unha dúbida relativa a se ao aprobar a creación da comisión proposta aquí se crearían dúas ou se pode entender que a comisión proposta neste punto e a proposta no punto de mocións urxentes poderían ser a mesma.

Intervén a continuación o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, dicindo que se trata de crear unha comisión seguindo o procedemento establecido e que se trataría da mesma comisión.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que só quere aclarar que se trataría da mesma comisión que xa tivo o seu obxecto en mandados anteriores e que como consecuencia do Plan Director do Aeroporto volve cobrar sentido; que se podería deixar o punto sobre a Mesa xa que o punto é a creación dunha comisión de seguemento da infraestrutura Aeroporto de Alvedro.

Seguidamente solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere deixar claro que esta moción que se presenta ía xa na orde do día, foi presentada na Xunta de Voceiros e declara a intencionalidade política de creación dunha comisión informativa; que lle parece deducir, e solicita aclaración do Sr. Alcalde, que dado que é unha cuestión importante e que lles pareceu que debería constituírse o goberno municipal o que fai é normalizalo cubrindo as carencias formais existentes que exige a tramitación dunha comisión informativa, xa que se concretan máis os artigos que avalan a creación dunha comisión informativa especial, a composición que ten que ter, etc., polo que considera que non son para nada incompatibles e que está claro pero que se non o estivera, agora pensa que queda xa aclarado que se trata dunha mesma cuestión e

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

que con esta moción se amosa a intencionalidade política de creación desta comisión porque é unha cuestión importante, de transcendencia veciñal e a continuación, cando se vote a moción urxente, se formalizaría esta intencionalidade política como unha cuestión meramente burocrática, agradecendo ao goberno municipal o terse adiantado e ter elaborado toda a tramitación formal facendo eco desta petición.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 29/05/2018 (código de documento UIT12I007G)
- Informe de data 29/05/2018 (código de documento UIT12I007Z)

7.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.

7.1.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 778/2018, de data 25 de maio de 2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 34,09 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Almeiras, formalizada en escritura pública outorgada o 24/03/2018 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Jesús María Rodríguez Vázquez, co número 304 do seu protocolo.

7.2.- A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 903/2018, de data 12 de xuño de 2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 68,60 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Comedo, formalizada en escritura pública outorgada o 13/04/2018 ante o notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Francisco Javier Pérez-Taberner Olivera, co número 410 do seu protocolo.

8.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 175 resolucións numeradas da 767 a 941 do ano 2018, que se relacionan deseguido:

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
767	23/05/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.A.R.F. do recibo de auga por importe de 58,08€ correspondente ao 4º trimestre de 2017, pago recibo luz 60,59€ do período do 01-11-2017 ao 11-04-2018.	
768	23/05/2018	Denegación a A.T.A. da ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
769	23/05/2018	Concesión a R.P.S. da renovación da tarxeta de estacionamento.	
770	23/05/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde D. Diego Antonio Taibo Monelos o día 24-05-2018 desde as 18.00 ata as 22.00 horas.	
771	23/05/2018	Convocatoria á sesión ordinaria Xunta de Voceiros do día 25-05-2018.	
772	23/05/2018	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Risto, especie canina, núm. Microchip 941000021730786, propietario J.LM.V.C. núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 120, data de expedición 11-05-2018.	
773	24/05/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28-05-2018.	
774	25/05/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.A.C.B., no domicilio sito na Rúa Miguel de Cervantes, con efectos de 01/06/2018.	
775	25/05/2018	Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por ESPROADE, SL por importe de 2.370,98€ polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Servicio de monitorización de actividades culturales y deportivas años 2006-2010".	
776	25/05/2018	Concesión a S.B.V. dun permiso retribuído cunha redución do 99% da súa xornada laboral para o coidado do seu fillo A.V.B., afectado por unha enfermidade grave, por un período dun ano.	
777	25/05/2018	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 1001/2018 e dezaoito máis.	
778	25/05/2018	Aceptación da cesión que fan D.U.C. e L.T.F. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 34,09 m2 para o seu destino a viario público.	
779	25/05/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/30. (TERCEIRO: ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, SA-IMPORTE TOTAL: 3.081,91€ e máis).	
780	25/05/2018	Aprobación da incorporación dos remanentes de crédito do orzamento de 2017 ao orzamento de 2018 e aprobación das operacións de execución de gasto (Operación: Modificación previsións ingresos - Importe: 29.105,09€ e máis).	
781	25/05/2018	Asunción das funcións dal alcaldía polo primeiro tenente de alcalde D. Diego Antonio Taibo Monelos o día 25-05-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas.	
782	28/05/2018	Concesión a J.G.S. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	
783	28/05/2018	Concesión a C.L.R. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	
784	28/05/2018	Concesión a J.M.B. e S.A.V. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos) e aceptación do desestímulo da solicitude do servizo municipal de Xantar na casa formulado por J.M.R.D. e S.A.V.	
785	28/05/2018	Concesión a J.A.R. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	
786	28/05/2018	Concesión a J.P.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
787	28/05/2018	Concesión a S.M.A. da renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
788	28/05/2018	Concesión a A.M.R.F.S. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
789	28/05/2018	Concesión a M.J.P.A. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
790	28/05/2018	Concesión a M.G.M. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
791	28/05/2018	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por A.F.S.	
792	28/05/2018	Concesión a M.N.B. e P.N.B. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	
793	28/05/2018	Concesión a R.H.F.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	
794	28/05/2018	Concesión a M.R.S. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de dez horas á semana (agás festivos).	
795	28/05/2018	Concesión a B.B.P. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	
796	28/05/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.A.V.M. do recibo de auga por importe de 81,26€ do 1º trimestre de 2016 e pago recibos electricidade por importe de 110,63€ do mes de febreiro (57,04€) e marzo (53,59) 2018.	
797	28/05/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a Y.D.C. do recibo de gas do 01-04-2018 ao 30-04-2018 e de electricidade do 01-04-2018 ao 07-05-2018 por un importe de 63,64€.	
798	28/05/2018	Concesión a A.R.B.R. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade de 8 meses de 2018.	
799	28/05/2018	Concesión S.T.S. axuda económica concepto recibo auga importe 111,08€ 1º trimestre 2018, recibo auga 4º trimestre 2017 e 2º e 3º de 2018, pago recibo luz novembro 2017 a outubro 2018, pago recibo gas novembro 2017 a outubro 2018 e bono alimentos tipo C.	
800	28/05/2018	Aprobación do prazo para a presentación da documentación para os interesados en participar nos campamentos de verán 2018 organizados pola Deputación da Coruña, sendo este do 28 de maio ata o 15 de xuño, ambos os dous incluídos.	
801	28/05/2018	Alta como condutor asalariado da licenza de autotaxi núm. 36 do Concello de Culleredo de C.M.R.E.	
802	28/05/2018	Baixa da licenza municipal de ocupación de vía pública concedida a ARRINCADEIRA 2017 SC para ocupar a vía pública con mesas e cadeiras para a terraza do café-bar situado na Av. Ribados núm. 14 - O Burgo.	
803	28/05/2018	Autorización do uso especial por UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a RBTS no lugar de Tarrío, na parroquia de Culleredo.	

Código do documento	Código do expediente
USG12100J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
804	28/05/2018	Nomeamento S.L.D. persoal eventual para ocupar posto asesor/a prestando a súa función de confianza ou asesoramento á Alcaldía, con dedicación exclusiva, o cese será libre e terá lugar cando se produza a reincorporación de L.C.S. ou o cese da autoridade.	
805	28/05/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 3514/2018.	
806	28/05/2018	Desestimación do recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria presentado por J.A.L.V., expediente: 9739/2017, confirmando a sanción imposta.	
807	28/05/2018	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).	
808	28/05/2018	Cancelación da inscrición da Asociación AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGOS no Rexistro Municipal de Asociacións.	
809	28/05/2018	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do 31-05-2018.	
810	28/05/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.I.R. do recibo de electricidade por importe de 83,22€ do período do 11-04-2018 ao 13-05-2018.	
811	29/05/2018	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida de gas natural a edificio de vivendas situado na Av. Corveira, núm. 1 - Rutis.	
812	30/05/2018	Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 4: PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN (APA A GALERA, IES BLANCO AMOR-1.785,23€).	
813	30/05/2018	Restablecemento da xornada laboral de P.F.S. á xornada completa e as súas correspondentes retribucións a partir do 02-06-2016.	
814	30/05/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a C.M.A.Q., no domicilio sito na rúa Fraternidad Campesina con efectos de 01/06/2018.	
815	30/05/2018	Autorización do gasto derivado da execución do Expte.: UCP/2018/133 (Realización de obradoiros infantís no campo da festa de Santa Xema en Fonteculler, Terceiro: M.C.C.R.-Importe: 786,50€ e dous máis).	
816	30/05/2018	Autorización do gasto derivado da execución do servizo denominado "motocultor para 14 hortos e recollida de restos nos hortos urbanos de Vilaboa" a executar por J.M.V.T., polo importe ofertado de 629,20€ IVE incluído.	
817	30/05/2018	Autorización do gasto derivado da execución do Expte.: UCP/2018/224 (1º Festival Metropolitano pola igualdade nas artes Elas son Artistas, Terceiro: 10D10 SOLUCIONES ACERTADAS, SLL - Importe: 931,70,€ e tres máis).	
818	30/05/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/31. (TERCEIRO: JOSÉ BENITO GONZÁLEZ Y OTRO, SC - IMPORTE TOTAL: 39,39€ e máis).	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
819	31/05/2018	Concesión a S.A.N.F. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.	
820	31/05/2018	Concesión a E.H.A. da licenza municipal de obras para rehabilitación integral dunha vivenda situada na R/ Conduzo.	
821	31/05/2018	Concesión a M.J.V.S. da licenza municipal de obras para a reparación dunha vivenda unifamiliar existente na R/ Río Eume, parroquia de Rutis.	
822	31/05/2018	Concesión a J.M.B.M. da licenza municipal de obras para a construción dunha edificación auxiliar destinada a garaxe e a apeiros de labranza na parcela situada no lugtar de Outeiro de Arriba, parroquia de Sésamo.	
823	31/05/2018	Concesión autorización para a celebración do espectáculo público ao aire libre "FESTA FIN DE CURSO VOZ NATURA" no lugar PARQUE DE ACEA DE AMA o día 2 de xuño de 2018.	
824	31/05/2018	Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL por importe de 2.707,88€ polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Cubierta, ampliación y renovación de parque infantil de Ledoño".	
825	01/06/2018	Autorización a M.C.P.V. á redución da súa xornada nun total de 7 horas na quenda de mañá/tarde (M/T) coa modificación horaria da mesma, de 9.30 a 16.30.	
826	01/06/2018	Autorización do gasto derivado da execución do Expediente: UCP/2018/158 Servizo de revisión do ascensor do Centro de Formación Pablo Picasso Terceiro: LEVAGALIA SLL - Importe: 183,92€.	
827	01/06/2018	Aprobación do expediente para a contratación do servizo "XIX CAMPAÑA MAÑAS DE CAMPAMENTO: CAMPAMENTOS QUE CONCILIAN 2018".	
828	01/06/2018	Concesión autorización Asociación Cultural e Deportiva Nosa Señora de San Outelo celebración festa popular aire libre lugar Celas de Peiro o 3 de xuño de 2018, concesión autorización espectáculo pirotécnico público e autorización ocupación campo da festa.	
829	01/06/2018	Concesión autorización á Asociación Cultural e de Veciños "Os amigos da Corveira" para a celebración da festa popular ao aire libre no lugar da Corveira os días 1, 2 e 3 de xuño de 2018 e autorización da ocupación do campo da festa.	
830	01/06/2018	Aprobación expediente xeración de crédito para financiamento programa subvencións dirixidas concellos e agrupacións concellos provincia da Coruña de menos 50000 habitantes para financiar gasto persoal oficinas turismo ano 2018, por importe de 10.628,32€.	
831	01/06/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 04-06-2018.	
832	04/06/2018	Concesión a I.M.S. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	
833	04/06/2018	Denegación a A.F.S. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	
834	04/06/2018	Concesión a N.V.A. e L.G.V. do Xantar na casa para os sete días da semana.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
835	04/06/2018	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por J.P.V. e P.S.O.	
836	04/06/2018	Aprobación convocatoria para presentación solicitudes uso instalacións deportivas municipais por parte centros docentes, entidades deportivas, anpas, peñas deportivas e entidades benestar social. Prazo presentación solicitudes do 4 ao 22 de xuño de 2018.	
837	04/06/2018	Concesión a J.L.M. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075,68€.	
838	04/06/2018	Concesión a A.G.F.V. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.	
839	04/06/2018	Requirimento A.S.M. para que no prazo dun mes proceda á retirada vehículo con placas matrícula C-8289-BW, caso de non cumprir o indicado autorizarase o seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa destrución e descontaminación.	
840	04/06/2018	Requirimento INDESICO SL para que no prazo dun mes proceda retirada vehículo placas matrícula PO-1552-V, caso de non cumprir o indicado autorizarase o seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa destrución e descontaminación.	
841	04/06/2018	Requirimento M.C.C. para que no prazo dun mes proceda á retirada vehículo con placas matrícula 7282 GGS, caso de non cumprir o indicado autorizarase o seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa destrución e descontaminación.	
842	04/06/2018	Requirimento Cristalería y Aluminio Fernando SL retirada vehículo placas matrícula 5966 DPK, caso de non cumprir o indicado autorizarase o seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa destrución e descontaminación.	
843	04/06/2018	Requirimento J.R.M. para que no prazo dun mes proceda á retirada vehículo con placas matrícula C-5968-BW, caso de non cumprir o indicado autorizarase o seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa destrución e descontaminación.	
844	04/06/2018	Recoñecemento obriga e ordenación pagamento axudas concedidas asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña actuación núm. 5 - PROMOCIÓN DA CULTURA (Compañía de Teatro e Danza El Ruiseñor-3.600)	
845	04/06/2018	Desestimación do recurso presentado por J.C.G.R. contra a resolución do 06-03-2018 pola que se acordou atribuírlle as funcións de apoio administrativo no servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras polo prazo máximo dun ano prorrogable por outro máis.	
846	05/06/2018	Concesión a J.R.M.L. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
847	05/06/2018	Concesión a Y.J.C. dunha axuda económica en concepto de recibo de auga do 4º trimestre de 2017, 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibos luz de xaneiro a outubro de 2018, pago recibos gas de xaneiro a outubro de 2018 e Bono de alimentos tipo C.	
848	05/06/2018	Recoñecemento obriga e ordenación pagamento axudas concedidas asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña actuación núm. 4: PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN (CLUBE XOGA E APRENDE-1.000.00)	
849	05/06/2018	Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por JARDINERÍA ARCE, SL polo importe de 951,12€ polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Lote 4 renovación del patio CEIP Tarrío (garantía complementaria baja temeraria)".	
850	05/06/2018	Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por JARDINERÍA ARCE, SL polo importe de 951,12€ polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Lote 4 renovación del patio CEIP Tarrío".	
851	05/06/2018	Aprobación cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por JARDINERÍA ARCE, SL polo importe de 815,02€ polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Lote 2 renovación del patio CEIP Sofía Casanova (garantía complementaria baja temeraria)".	
852	05/06/2018	Aprobación cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por JARDINERÍA ARCE, SL polo importe de 815,02€ polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Lote 2 renovación del patio CEIP Sofía Casanova"	
853	05/06/2018	Aprobación cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por JARDINERÍA ARCE, SL polo importe de 2.347,71€ concepto de "Aval para garantir o contrato: Lote 1 renovación de patios CEIP Ría do Burgo (garantía complementaria baja temeraria)".	
854	05/06/2018	Aprobación cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por JARDINERÍA ARCE, SL polo importe de 2.347,71€ concepto de "Aval para garantir o contrato:Lote 1 renovación de patios CEIP Ría do Burgo".	
855	05/06/2018	Aprobación cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ SL polo importe de 1.695,8€ concepto de "Aval para garantir o contrato: Renovación red de agua potable en R/ Federico García Lorca, R/ Rafael Alberti, ...	
856	05/06/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/32. (TERCEIRO: JARDINCELAS, SL-IMPORTE TOTAL: 4.065,60€ e máis).	
857	05/06/2018	Delegación na concelleira D. ^a Marta María Figueroa Fuentes do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.E.L.P. e O.P.A. o día 09-06-2018 ás 19.00 horas.	
858	06/06/2018	Aprobación da lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección dun técnico/a de turismo (persoal laboral temporal).	

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
859	07/06/2018	Autorización do uso especial por GAS GALICIA SDG, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para modificación de tallo de rede de gas existente para dar servizo á vivenda situada na rúa Anchoza 21B, Rutis.	
860	07/06/2018	Autorización do uso especial por GAS GALICIA SDG, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida de rede de gas nun edificio situado na Av. Vilaboa núm. 70, Rutis.	
861	07/06/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para RBTS na Av. Vilaboa núm. 193, Rutis.	
862	07/06/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para RBTS na Av. Portádego, Rutis.	
863	07/06/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para modificación de tallo de rede de gas existente para RBTS en Folgueira, Castelo.	
864	07/06/2018	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para acometida de gas natural a edificio de vivendas situado na Av. Vilaboa núm. 21, Rutis.	
865	07/06/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para RBTS na rúa Río Tambre núm. 3, Rutis.	
866	07/06/2018	Requirimento a S.L.C. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo C-2968-CG das instalacións da empresa DESGUACES RUTABELLA, SL, previo abono da taxa por retirada, depósito e inmovilización de vehículos.	
867	07/06/2018	Requirimento C.O.M. para que nun mes proceda retirada vehículo PO-0078-BT coa advertencia que de non cumprir indicado dítarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación	
868	07/06/2018	Participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 Adicional 1/2018 da Deputación Provincial da Coruña, confirmando a aplicación da nova achega provincial asignada	
869	07/06/2018	Concesión a M.A.V. e M.C.B.I. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar e derrube da edificación auxiliar e peche na rúa Anchoza, parroquia de Rutis.	
870	07/06/2018	Concesión a P.L.M. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).	
871	07/06/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11-06-2018.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
872	07/06/2018	Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 7 - Promoción da Participación Cidadá e Fomento da Comunicación Social (AAVV O NOSO BURGO-1.070€).	
873	07/06/2018	Recoñecemento obriga e ordenación pagamento axudas concedidas asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña actuación número 7 - Promoción da Participación Cidadá e Fomento da Comunicación Social (ASOCIACIÓN CULTURAL SAN JULIAN ALMEIRAS-1137,56€).	
874	08/06/2018	Requirimento a I.J.R.B. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo C-7725-BBJ das instalacións da empresa DESGUACES RUTABELLA, SL, previo abono da taxa por retirada, depósito e inmovilización de vehículos.	
875	08/06/2018	Requirimento a D.M.M. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo 8437FST das instalacións da empresa DESGUACES RUTABELLA, SL, previo abono da taxa por retirada, depósito e inmovilización de vehículos.	
876	08/06/2018	Requirimento a M.A.F.L. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo C-0337-BJ das instalacións da empresa DESGUACES RUTABELLA, SL, previo abono da taxa por retirada, depósito e inmovilización de vehículos.	
877	08/06/2018	Requirimento F.C.C. para que nun mes proceda retirada vehículo 4089DDH coa advertencia que de non cumprir indicado dítarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación	
878	08/06/2018	Requirimento M.B.M. para que nun mes proceda retirada vehículo C-0326-BW coa advertencia que de non cumprir indicado dítarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación	
879	08/06/2018	Requirimento D.R.B. para que nun mes proceda retirada vehículo 8169CLT coa advertencia que de non cumprir indicado dítarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación	
880	08/06/2018	Requirimento V.P.A. para que nun mes proceda retirada vehículo 3302BMY coa advertencia que de non cumprir indicado dítarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación	
881	08/06/2018	Requirimento A.M.P.P. para que nun mes proceda retirada vehículo 7429BPN coa advertencia que de non cumprir indicado dítarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación	
882	08/06/2018	Incoación expediente sancionador ao presunto responsable AREAS, SA pola infracción consistente en carecer o establecemento situado no Aeroporto da Coruña-Alvedro de cartel informativo da prohibición da venda/subministro de alcohol a menores de idade.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
883	08/06/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m ³ a L.A.Z., no domicilio sito na Av. Vilaboa, con efectos de 01/09/2018.	
884	08/06/2018	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para subministro de gas natural a rúa Condes de Andrade, 2 Rutis.	
885	08/06/2018	Declaración da caducidade da inscrición no Padrón Municipal de Habitantes de J.O.M. e máis por non ter renovada a súa inscrición padroal no prazo de dous anos e acordar a súa baixa no padrón municipal de habitantes deste municipio.	
886	08/06/2018	Requirimento a E.L.P. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo C-2706-BCX das instalacións da empresa DESGUACES RUTABELLA, SL, previo abono da taxa por retirada, depósito e inmovilización de vehículos.	
887	09/06/2018	Adxudicación da execución da obra "Renovación de tubaxes de abastecemento nas rúas Marqueses de Almeiras, Pereiros, Penedas, Vigovidín, Alba Clérigo Solé, Choeira,... á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, fixando o prezo en 229.676,15€ IVE engadido.	
888	11/06/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de electricidade por importe de 18,78€ correspondente ao período do 17-04-2018 ao 17-05-2018.	
889	11/06/2018	Concesión a C.B.I.C. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075,68€.	
890	11/06/2018	Concesión a M.T.C. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075,00€.	
891	11/06/2018	Concesión a T.L.F.S. dunha axuda económica en concepto recibo de auga do 4º trimestre de 2017, 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, pago recibo gas de outubro de 2017 a outubro 2018, pago recibo luz de outubro 2017 a outubro 2018 e Bono de alimentos tipo A	
892	11/06/2018	Concesión a C.A.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.	
893	11/06/2018	Concesión a A.G.R. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade dos meses de novembro de 2017 a novembro de 2018, Bono de alimentos tipo A e Bono de hixiene tipo A.	
894	11/06/2018	Concesión a L.M.G. da renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
895	11/06/2018	Asunción das funcións da alcaldía o día 11-06-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos	
896	11/06/2018	Orde de paralización inmediata das obras e incoación dun expediente de reposición da legalidade a C.A.R.G. derivado da execución das obras de construción dunha edificación auxiliar na parcela situada na rúa Condes, parroquia de Sueiro.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
897	11/06/2018	Orde de paralización inmediata das obras e incoación dun expediente de reposición da legalidade a B.B.C. derivado da execución das obras de acondicionamento da planta superior dunha vivenda unifamiliar situada no lugar do Vilar, parroquia de Sueiro.	
898	12/06/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago M.D.R.S. recibo de auga por importe de 58,79€ correspondente ao 1º trimestre de 2018, pago recibo luz 47,39€ do 11-01-2018 ao 11-04-2018 e recibo gas por importe de 45,90€ do 01-01-2018 ao 05-04-2018.	
899	12/06/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.L.V. do recibo de electricidade por importe de 16,27€ do período do 15-04-2018 ao 15-05-2018.	
900	12/06/2018	Concesión a R.A.L.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 800€.	
901	12/06/2018	Concesión á comunidade de propietarios ampliación reserva licenza municipal núm. 208 para uso especial dominio público, reserva espazo entrada e saída vehículos (modalidade Reserva Permanente 24 horas) para garaxe R/ Visitación de la Encina, núm.3. O Burgo	
902	12/06/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/34. (TERCEIRO: V.C.S.-IMPORTE TOTAL: 10,96€ e máis).	
903	12/06/2018	Aceptación da cesión que fan M.D.R.P. e J.C.B.B. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 68,60 m2 para o seu destino a viario público.	
904	12/06/2018	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña, no PROCEDIMIENTO ORDINARIO 38/2018. (Recurso Responsabilidade Patrimonial J.M.F.R.).	
905	13/06/2018	Aprobación dun expediente de xeración de crédito para financiar a contratación de catro conserxes para a realización do proxecto Culleredo Social V, por importe de 84.305,90€. (Expediente TR351F 2018/000023-1).	
906	13/06/2018	Concesión a LOURROU, SL da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Canle Bieito, parroquia de Rutis.	
907	13/06/2018	Concesión a M.V.V.B. da licenza de segregación que solicitou para a parcela con referencia catastral 9673806NH4997S0001WK, con fronte a rúa Emilia Pardo Bazán e a rúa Eduardo Pondal, parroquia de Rutis.	
908	14/06/2018	Levantamento reparo Intervención Municipal e avocación competencia aprobación, disposición e recoñecemento gastos e ordenación pagos e aprobación certificación núm. 1 obra Separata proxecto red ciclista Área Metropolitana Coruña a favor SYR-AMG, 13.423,59€	
909	14/06/2018	Levantamento reparo Intervención Municipal e avocación competencia aprobación, disposición e recoñecemento gastos e ordenación pagos e aprobación certificación núm. 2 obra Separata proxecto red ciclista Área Metropolitana Coruña a favor SYR-AMG, 69.865,18€	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
910	14/06/2018	Concesión a M.C.D. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 3 horas á semana (agás festivos).	
911	14/06/2018	Concesión a C.M.D. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	
912	14/06/2018	Concesión autorización para a celebración do espectáculo público ao aire libre PARQUE ACUÁTICO TEMPORAL SPLASH PARK no lugar do POLÍGONO DE ALVEDRO do día 15 de xuño ao día 9 de setembro de 2018	
913	14/06/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18-06-2018.	
914	15/06/2018	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 1999/2018 e cinco máis.	
915	15/06/2018	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 4356/2018 e un máis.	
916	15/06/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 1013/2018 e un máis.	
917	15/06/2018	Aprobación certificación núm. 1 obra "Aforro enerxético, supresión tanto alzado e mellora cadros eléctricos e luminarias en Condes de Andrade, Vigovidín, A Xeca e Monte das Arcas", a favor da empresa INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL, importe 56.606,09€	
918	15/06/2018	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 122 a E.J.F.L.	
919	15/06/2018	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 123 a C.V.U.	
920	15/06/2018	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 121 a A.I.A.	
921	15/06/2018	Prórroga da adscrición en comisión de servizos de S.G.U. no posto de xefa de Sección de Servizos Sociais Básicos como máximo ata o día 11-06-2019.	
922	15/06/2018	Autorización a S.P.V. dunha licenza sen retribución desde o día 2 ata o día 27 de xullo de 2018, ambos os dous incluídos.	
923	15/06/2018	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por F.S.M.	
924	15/06/2018	Denegación da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar por libre concorrencia a M.I.B.G.	
925	15/06/2018	Concesión a F.M.N. a alta no Club +65 e a obtención do carné do mesmo.	
926	15/06/2018	Concesión a M.M.P.S. a alta no Club +65 e a obtención do carné do mesmo.	
927	18/06/2018	Concesión a J.M.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
928	18/06/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.J.S.T. do recibo de electricidade do período do 01-10-2017 ao 10-05-2018 (12,82€, 20,42€, 18,46€, 26,28€, 27,58€, 19€, 25,47€ e 16,36€).	
929	18/06/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do bono de transporte por un importe de 61,93€ do mes de maio de 2018.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-06-2018
930	18/06/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.A.V.M. do recibo de electricidade, por importe de 54,87€ correspondente ao período comprendido entre o 17-04-2018 e o 17-05-2018.	
931	18/06/2018	Concesión a M.A.G.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 750€, para o pago do recibo de auga do 1º e 2º trimestre de 2018 e do recibo de electricidade de dous meses de 2018.	
932	18/06/2018	Concesión a R.M.B.D. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.	
933	18/06/2018	Concesión a N.L.V.V. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
934	18/06/2018	Concesión a E.J.R.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
935	18/06/2018	Concesión a M.M.R. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.	
936	18/06/2018	Recoñecemento obriga e orde pagamento axudas concedidas asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña actuación núm. 4: PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN (ANPA O BURGO Conservatorio de música -1080,80€).	
937	18/06/2018	Desestimación do recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria presentado por F.C.G., expediente 9133/2017 confirmando a sanción imposta.	
938	18/06/2018	Desestimación do recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria presentado por J.F.S., expediente 11978/2017 confirmando a sanción imposta.	
939	18/06/2018	Aprobación cancelación e devolución garantía definitiva IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, importe 1.152,79€, concepto "Aval para garantir o contrato: Mejoras en el saneamiento del CEIP Sofía Casanova, CEIP Isaac Díaz Pardo y campo de fútbol de O Burgo".	
940	18/06/2018	Aprobación da cancelación e devolución Oda garantía definitiva constituída por CONSTRUCCIONES GONZALEZ Y GONZALEZ SL, importe 3.580,6€, concepto "Aval para garantir o contrato: Renovación red de agua potable en R/ dos Pereiros, R/ das Catas, Av. Alvedro...	
941	19/06/2018	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).	

9.- MOCIÓN URXENTES.

A Presidencia, de conformidade co establecido no artigo 79.4 do ROM en relación co 85.5 do citado texto, somete á aprobación do Pleno, por razóns de urxencia, da moción do alcalde, Sr. Rioboo Castro, de data 27 de xuño de 2018, relativa á creación e composición da Comisión informativa especial do Aeroporto, xustificando a urxencia no periodo

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

de información pública e de alegacións. Sometida a votación a declaración de urxencia e a procedencia do debate, resulta aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a Presidencia somete a debate a proposta da Alcaldía, de data 27 de xuño de 2018, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DO AEROPORTO

Visto o disposto no artigo 124 3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal son Comisións Informativas especiais as que o Pleno acorde constituir para un asunto concreto, en atención as súas características especiais de calquera tipo.

Considerando, á vista da publicación no Boletín Oficial do Estado do anuncio da Dirección xeral de Aviación Civil pola que se somete a información pública o informe de sustentabilidade ambiental, xunto coa proposta de revisión do Plan director do aeroporto de A Coruña, conveniente a creación dunha Comisión especial de estudo e seguemento de dita revisión do plan director.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Crear unha (1) Comisión Informativa especial coa seguinte denominación:

- COMISIÓN ESPECIAL DO AEROPORTO, que terá por obxecto o estudo e seguemento da revisión do Plan director do aeroporto .

A duración será ilimitada ata a aprobación da revisión do plan director de aeroporto.

A Comisión Informativa especial do aeroporto estará composta por:

- Tres (3) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE, incluído o Sr. Alcalde-Presidente, Presidente nato de tódalas Comisións.
- 2 representantes do Grupo político municipal do PP
- Un (1) representante do Grupo político municipal Marea Veciñal de Culleredo
- Un (1) representante do Grupo político municipal Alternativa dos Veciños
- Un (1) representante do grupo mixto
- A Concelleira non adscrita

Segundo.- A adscripción concreta á comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno, podendo desinarse un suplente.

Terceiro.- A Comisión informativa especial que se crea por este acordo axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que remitiron por correo electrónico á Alcaldía unha proposta de emenda pero a día de hoxe xa teñen aclarado que o que se pedía está incluído no ROF desde o ano 2017 polo que sería redundante e retiran a emenda proposta.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que solicita certa aclaración en relación coa creación desta Comisión Informativa Especial xa que efectivamente pensa que se trata dun problema grave, importante, con veciños afectados e preocupados pero que, tal como se está vendo ultimamente como deriva todo o tema das comisións informativas, onde non hai absolutamente información ningunha e onde nunca está o alcalde presente, e tratándose dun trámite onde realmente o concelleiro que nese momento preside, no momento en que se lle fai algunha pregunta, simplemente o anota, ou deriva, ou responde que xa se lles contestará na seguinte, e que algunhas veces incluso hai preguntas feitas xa fai máis dun ano que están sen responder, solicita se lle aclare antes de proceder a votar a creación desta comisión con que fin, real e práctico, se vai crear, informando de quen a vai presidir realmente e que se vai tratar nela xa que, se a información a vai ter o alcalde por ser a persoa que ten contacto co Ministerio e con AENA ou calquer outro implicado, debería quedar claro quen vai trasladar esa información e como, procurando que naza ben.

Deseguido intervén o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que as comisións informativas funcionan con total normalidade, que os concelleiros aportan a información que teñen que aportar e que o seu funcionamento non dista moito do que tiñan cando a Sra. Ferreiro Varela formaba parte do goberno municipal; que en calquera caso xa houbo unha Comisión Especial do Aeroporto e que nesta proposta a composición da futura está clara, sendo o alcalde-presidente o presidente nato de todas as comisións.

A continuación solicita o uso da palabra novamente a Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que precisamente sendo o alcalde-presidente o presidente nato de todas elas, e levando por exemplo a responsabilidade da área de Medio Ambiente nunca se presenta a ela e polo tanto nunca se contesta nada pois a concelleira que preside di que ela deses temas non sabe e que toma nota; que o mesmo ocorre coas Xuntas de Voceiros, ás que normalmente non acude o alcalde, polo que solicita se deixe claro como vai funcionar esta comisión e quen vai formar parte dela, se van vir técnicos ou non, porque considera que este é un problema fundamental e que deberían estar presentes para poder aclarar dúbidas; que xa sabe que se lle vai contestar que os técnicos poden ir pero a realidade é que non van, a pesar de que o seu grupo ten solicitado que vaian.

Intervén o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que non se crea unha comisión informativa especial para non dar información de nada senón que se vai dar información puntual e dirixíndose á Sra. Ferreiro Varela di que supón que ela xa terá lido o documento do Plan Director para facer as súas achegas; que el xa o leu, ao igual que os técnicos municipais e que o concelleiro de Urbanismo é o que está a dirixir esta cuestión; que considera que hai que agardar a que se inicie esa comisión informativa e despois facer todas as críticas oportunas pois se se mira atrás hai que recoñecer que se unha comisión se levou ben sempre no Concello foi a Comisión especial do Aeroporto; que nas comisións especiais se lles pode dar voz aos técnicos municipais e a propia asociación de afectados polo aeroporto, ca cal el xa tivo unha reunión para informarlles e que estiveran atentos a ese Plan Director para poder aportar as súas achegas e as súas alegacións, insistindo en que neste momento no concello as comisións informativas está a funcionar ben.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 27 de xuño de 2018, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que hai unha dación de conta dun reparo pola Separata da vía ciclista metropolitana da Coruña, dándoselle para diante a este proxecto a

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

pesar de haber consideracións como que non consta dispoñibilidade de parte dos terreos ou que as obras se executaron noutro Concello, entre outros asuntos; que no seu momento houbo concelleiros que pediron a documentación sobre esta obra e polo menos ela aínda non a recibiu polo que quere saber en que punto está todo isto.

Intervén o alcalde-presidente, Sr. Rioboo de Gastro, para responder a esta pregunta dicindo que se fixo un reparo por parte da Intervención municipal, respondendo os técnicos municipais que estaba toda a documentación, que todos os convenios necesarios, tanto co Concello de Cambre como cos propietarios, polo que se levantou o reparo.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a primeira pregunta é polo mesmo tema xa que a señora interventora está a dicir que se está a obrar no alleo e como ben di o dito "o que traballa no alleo perde o obrado", parecendo que se están gastando cartos municipais, cartos públicos, obrando no alleo, e pregunta como pode ser que neste momento se lles esté dicindo que existe un convenio e que no momento de fiscalización pola Sra. Interventora, esta non o recoñeza ou non o dea por válido, alomenos.

Responde o Sr. Rioboo Castro dicindo que a Sra. Interventora pon un reparo porque non lle consta esa documentación, ao que se lle responde aportando a documentación que solicita, sendo ese o motivo polo que se levanta o reparo, pois do contrario non se podería levantar; que hai un informe dun técnico municipal que así o acredita, habendo convenios asinados en tempo e prazo.

A continuación intervén de novo o Sr. Chouciño Garrido e di que el supón que haberá interacción e se se fai un reparo e se considera que non procede poderase emitir un segundo informe para solventar o que se dixo anteriormente.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que se o reparo se levanta é porque non hai ningunha oposición ao respecto e que no levantamento do reparo xa se acredita que hai uns informes técnicos que din que o motivo polo que se pon o reparo xa foi xustificado polos técnicos municipais que aportan a documentación, rematando a súa intervención respecto desta pregunta dicindo que ao igual que a sra. Concelleira non adscrita, poden solicitar polo procedemento regulamentario a documentación necesaria para comprobar estes extremos e poder ter unhas conclusións máis claras.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que ten unha segunda pregunta xa que o mes pasado solicitaron a revisión de oficio dun expediente de contrato dun axente de prensa que prosperou e foi aprobada a proposta e polo tanto solicitan información sobre como evoluciona esa revisión.

Responde o Sr. alcalde que o asunto está no departamento de Contratación para a elaboración dun informe e que cando dispoña del lle vai contestar.

Deseguido solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere preguntar por unha terceira cuestión en relación co expediente de revisión da instalación municipal de hípica da Garrocha xa que se lles dixo que se estaban a elaborar informes por parte dos técnicos municipais e quere saber como vai evolucionando tamén este asunto.

Responde o Sr. Rioboo Castro dicindo que como xa lle dixo fixo o requerimento para a apertura dun expediente ao respecto e que se atopa en curso no servizo de Contratación e no de Intervención para a fiscalización; que todavía non hai conclusións claras xa que se trata dun expediente engorroso pero que xa está iniciado.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

Intervén o Sr. Chouciño Garrido dicindo que iniciado xa estaba desde o ano 2012, respondendo o Sr. alcalde que el está de alcalde nesta Corporación desde hai sete meses e que en canto tomou posesión solicitou a apertura dese expediente, sendo agora unha cuestión técnica e administrativa.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que en relación co tema do Plan Director quere preguntarlle ao Sr. alcalde se foi a Madrid no día de onte e lles podería informar sobre esa reunión.

Responde o Sr. Rioboo Castro dicindo que tiñan unha reunión programada co director xeral de AENA e se lles remitiu unha circular dicindo que por motivo de cambios no goberno non podían manter ningunha reunión nin ningunha toma de decisións ata que se decidira o cargo definitivo.

Continúa a Sra. Ferreiro Varela coa súa intervención dicindo que saíu en prensa que os técnicos estaban mirando este tema e que o alcalde-presidente se reuniu cos afectados, preguntando se se reuniu cos afectados de antes ou cos de agora pois moitos que antes eran afectados e que xa se lles tiraron as súas casas agora xa non o son, polo que habería que ver se esa plataforma ten validez ou habería que incorporar aos afectados actuais pois do contrario esa Plataforma puidera non ter validez pero que o que ela quere preguntar é se o vial que vai entre Fontemaior e A Hermida vai sufrir algunha modificación xa que considera que iso é o importante.

Responde o Sr. Rioboo Castro, alcalde-presidente, dicindo que o Plan director que hai agora non dista do anterior senón que simplemente sufriu algunha adaptación puntual á normativa europea e que case se podería facer un corta e pega das alegacións anteriores pero adaptándoas, e que o que hai que valorar é cal é a situación menos dolorosa para os veciños e veciñas.

Intervén de novo a Sra. Ferreiro e di que se desenvolveu unha parte do Plan Director e agora parece que se vai desenvolver outra senón a ver por que aparece en prensa que se van derrubar 17 casas.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que o Plan Director é exactamente igual ao anterior e o motivo é que unha parte do anterior non se executou.

Intervén de novo a Sra. Ferreiro Varela e di que o que a ela lle preguntan os veciños e o que queren saber é se se van tirar 17 casas ou se van ser máis ou menos ou se como o goberno dixo na prensa son 17.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que eles non dixeran iso en ningún momento.

Novamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños e preguntalle ao Sr. alcalde-presidente se sabe se vai sufrir ou non algunha modificación o vial que vai de Fontemaior á Hermida e en caso afirmativo se esas modificacións van supoñer derribo de casas e que soamente ten que contestar si ou non para que os veciños teñan esa información.

Responde o Sr. Rioboo Castro que o Plan Director xa recolle toda esa información, contemplando modificacións na zona e que a execución do Plan Director si supuxo derribo de vivendas; que non é si nin non pois no tramo que se executou había vivendas incluídas que non se tiraron; que os plans directores fanse para que os aeroportos poidan ser homologados e acordos ás necesidades que poida ter a aviación, pedíndolle á sra. voceira que no cargo que ocupa como representante municipal, proceda á lectura do Plan Director para estar informada.

Intervén de novo a Sra. Ferreiro Varela e di que ela o único que pregunta para tranquilizar á veciñanza é se as súas casas se van tirar ou non e que non entende que para iso teña que lerse o Plan Director; que puidera ser que o Sr. alcalde non lle poida dar a información porque aínda non a posúa pero que ten a impresión de que se vai crear unha Comisión informativa especial do Aeroporto para nada, que será o alcalde o que vaia ás reunións a Madrid e despois

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG12I00J2	USG/2018/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5N3Q 0A1I 144I 4E1R 02L9	

na comisión non se dea ningunha información e que o problema actual é que hai veciños que agora tiñan pensado obrar e non saben que facer.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e dez minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H